

RESOLUCION DE ALCALDIA

FIXACION DE NORMAS DE TRAMITACIÓN PARA CONCESIÓN DE AXUDAS DE ALIMENTOS E PRODUTOS DE PRIMEIRA NECESIDADE COMO MEDIDAS EXEPCIONAIS POR CONSECUCENCIA DO ESTADO DE ALARMA OCASIONADO POLO COVID-19 DECRETADO POLO GOBERNO DE ESPAÑA A TRAVÉS DO REAL DECRETO 463/2020 DE 14 DE MARZO DE 2020.

Para facer fronte as situacións de necesidade provocadas polo estado de alarma establecido ante a aparición da pandemia Covid-19 e visto o borrador facilitado polo Departamento de Servizos Sociais do Concello, artéllase un procedemento de urxencia para o outorgamento de axudas de alimentos e produtos de primeira necesidade, conforme ao sinalado a continuación:

1º: Requisitos xerais dos beneficiarios:

- Estar empadroado no Concello de Sanxenxo.
- Ser maior de idade ou menor emancipado/a con fillos/as a cargo.
- Non ter concedidas ningún membro da unidade familiar axudas polo mesmo concepto por parte doutro organismo, entidade ou Administración Pública.
- Carecer de medios económicos para facer fronte á necesidade de urxencia, de acordo co baremo establecido no artigo 3.

En ningún caso se aplicarán estas medidas ás persoas que xa son beneficiarias ao día de hoxe do programa municipal de emerxencia social municipal.

2º: Tipos de axuda, contía e periodicidade:

A.- Alimentación e hixiene:

- Familia unipersoal: 120 euros.
- Familia de 2 membros: 140 euros.
- .Familia de 3 membros: 160 euros.
- Familia de 4 ou máis membros: 188 euros.

B.- Medicación sempre e cando sexa prescrita por un médico/a do SERGAS.

Estas axudas terán carácter mensual mentras se manteña o estado de alarma, tendo que ser solicitadas previamente mediante os mecanismos dispostos pola



administración local. Poderanse establecer excepcións en función da gravidade da situación e previa valoración técnica.

3º: Baremo económico:

Considerase que non se dispón de ingresos económicos para facer fronte á necesidade de urxencia, cando os recursos actuais* (unha vez descontados, no seu caso, os gastos procedentes da vivenda habitual, sexa o préstamo hipotecario ou aluguer, ata un máximo de 300 euros mensuais) non sexan superiores ao 70% do IPREM para un membro, incrementándose nun 20% do IPREM polo 2º membro e un 10% do IPREM a partir do 3º membro.

-Unidade familiar de 1 membro: 70% do IPREM

-Unidade familiar de 2 membros: 90% do IPREM.

-Unidade familiar de 3 membros: 100% do IPREM.

-Unidade familiar de 4 membros: 110% do IPREM.

-Unidade familiar de 5 membros: 120% do IPREM

- A partir de Unidades familiares de 6 membros, incrementarase o límite económico no 10% do IPREM* por cada membro (unidade familiar de 6 membros 130% do IPREM *, unidade familiar de 7 membros 140% do IPREM * e así sucesivamente)

* IPREM mensual.

*Computarase como medios económicos os ingresos en concepto de salarios, rendas, pensións, retribucións, prestacións, axudas, subsidios ou calquera outro.

En todo caso, non se poderán conceder estas axudas cando a persoa solicitante ou calquera membro dispoñan dun saldo bancario do cal se deduza a existencia de medios materiais suficientes para atender os gastos obxecto de esta axuda.

4º: Solicitude e forma de presentación:

Descargar na páxina web do Concello o modelo de solicitude, que se poderá presentar:

- Vía telemática na sede do Concello (sede.sanxenxo.es) en caso de cumprir os requisitos para elo.
- Por correo electrónico (registro@sanxenxo.es) xunto cunha copia do DNI da persoa solicitante.



5º: Resolución:

Unha vez presentada a solicitude, e contemplado o volume das mesmas procederase ao seu exame e no seu caso a súa resolución no período mais breve posible.

ANEXO II, ANEXO III e ANEXO IV

6º: Inspección e control:

O Concello poderá realizar as comprobacións e terá acceso a toda a documentación xustificativa que estime oportunas, así como requirir ás persoas solicitantes nos termos que precise, todo aquilo de conformidade co disposto na Lei 9/2013 de xuño de Subvencións de Galicia.

7º: Obrigas das persoas usuarias e causas de extinción da axuda concedida:

Obrigas:

-Comunicar aos SS.SS comunitarios todas aquelas variacións que se produzan na súa situación sociofamiliar, que poidan modificar as circunstancias que motivaron a concesión da axuda.

-Destinar a axuda solicitada para os fins para os que foi concedida.

O incumprimento destas obrigas serán causa de extinción da axuda concedida e poderá ser motivo de devolución da mesma.



Anexo I:

MODELO DE SOLICITUDE

ANEXO I: Modelo de solicitude de axudas sociais para alimentos e produtos de primeira necesidade, cuxa necesidade sexa sobrevida pola situación actual de emerxencia sanitaria nacional, e de declaración responsable:

O/A Sr/a....., con DNI nº.....,
domicilio na rúa de....., portal nº....., piso
nº....., do Concello de SANXENXO, teléfono de contacto.....

MANIFESTA:

1º. -Que está empadroadado/a neste Municipio, formando parte dunha unidade familiar composta polos seguintes membros que conviven no citado domicilio¹:

	NOME	APELIDOS	IDADE	PARENTESCO
1				
2				
3				
4				
5				

1 É requisito imprescindible figurar empadroadado/a no Concello de Sanxenxo.



2º.- Que os recursos económicos e gastos de todos os membros da unidade familiar, no mes anterior á data de solicitude, foron os seguintes:

Recursos (salarios, rendas, pensións, retribucións, prestacións, axudas, subsidios, saldos bancarios ou calquera outro)

MEMBRO	CONTIA	CONCEPTO

Gastos:

- ⇒ Aluguer vivenda habitual. Contía: _____
- ⇒ Hipoteca vivenda habitual. Contía: _____

3º.- Outros datos que consideren de interese:

.....
.....

4º.- Que como consecuencia da situación derivada da emerxencia sanitaria e/ou do conseguinte estado de alarma decretado polo Real Decreto 463/2020 declara que: a unidade familiar descrita esta nunha situación de necesidade de cobertura social urxente² e polo tanto require dunha axuda para o subministro de produtos básicos de alimentación, hixiene persoal e outros similares.

² Aplicarase o baremo económico establecido no regulamento Municipal de Axudas de Emerxencia Social publicadas no BOP de 26-06-2015



5º. –Que **DECLARA RESPONSABLEMENTE** a exactitude de tódolos datos expostos, consciente e sabedor da necesidade de que respondan a realidade, e coñecedor das consecuencias da falsidade dos mesmos, e de que a administración poderá comprobar os mesmos con posterioridade mediante técnicas de auditoría por mostreo, podendo ser obrigado a reintegrar a contía económica percibida sexa en metálico ou sexa en especie, en caso de falsidade ou inexactitude que sexa estimada como dolosa e non dun mero erro involuntario.

En base ao exposto,

SOLICITA:

Séxalle concedida axuda en concepto de:

- ⇒ Produtos de 1ª necesidade para o normal desenvolvemento e satisfacción das necesidades básicas da unidade familiar.
- ⇒ Gastos de botica (prescritos polos facultativos do Sergas)

En.....,a día.....do mes de.....de 2.020

O/A SOLICITANTE, asinado

SR.ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SANXENXO

De acordo co establecido na Lei Orgánica 3/2018 de 5 decembro, de Protección de Datos e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle de que os seus datos persoais pasarán a formar parte dunha listaxe do que é responsable o CONCELLO DE SANXENXO con domicilio social en AVDA.de Madrid 1, 36960 Sanxenxo (Pontevedra). A finalidade desta listaxe é levar a cabo unha correcta prestación dos servizos sociais que presta o concello. De conformidade co establecido na citada Lei Orgánica, a persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, portabilidade e oposición ante o Concello de Sanxenxo, órgano responsable do seu tratamento, mediante escrito dirixido á Concellería de Servizos Sociais, Deportes e Xuventude no enderezo anteriormente sinalado, achegando unha fotocopia do seu DNI.



Por medio da presente resolución apróbase o procedemento de tramitación, anteriormente transcrito para a concesión de axudas de alimentos e produtos de primeira necesidade como medidas exepcionais por consecuencia do estado de alarma ocasionado polo COVID-19 decretado polo Goberno de España a través do Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo de 2020.

En Sanxenxo, o manda e asina o Sr. Alcalde, Telmo Martín González.

Pode verificar a integridade deste documento accedendo a <http://sede.sanxenxo.es> en 'Verificar documentos' usando o CSV:Q4M5IOXCHGKGAILL

